

Proxecto Deportivo 2026

da FEGADO

Contido

1	Descrición do Proxecto Deportivo da FEGADO 2025	1
2	Marco institucional e normativo	1
3	Finalidade do Proxecto Deportivo da FEGADO 2025	2
4	Obxectivos do Proxecto Deportivo da FEGADO 2025	3
5	Metas do Proxecto Deportivo da FEGADO 2025	4
6	Beneficiarios	10
7	Localización física e cobertura espacial	11
8	Especificación operacional das actividades e tarefas a realizar	11
9	Métodos e técnicas a utilizar	12
10	Determinación dos prazos ou calendario de actividades	13
11	Determinación dos recursos necesarios	13
12	Cálculo dos custes de execución e orzamento	13
13	Estrutura organizativa e de xestión	14
14	Indicadores de avaliación	15
15	Factores externos condicionantes	16

1 Descrición do Proxecto Deportivo da FEGADO 2026

Achégase o Proxecto Deportivo da **Federación Galega de Orientación (en adiante FEGADO)** para a tempada 2026, entendida como o período comprendido entre o 1 de xaneiro a 31 de decembro, para a **modalidade deportiva de Orientación**.

Será de aplicación ás catro especialidades asentadas en Galicia:

- Orientación a Pé (O-Pé) nas disciplinas de bosque e sprint (urbano).
- Orientación en bicicleta de montaña (MTBO).
- Orientación de precisión (TRAIL-O).
- Raid de Orientación.

Tanto o Proxecto Deportivo da FEGADO 2026, como as memorias anuais de actividade 2025 serán expostos na Asemblea Xeral convocada para o sábado 13 de decembro de 2025 para o coñecemento das persoas asembleístas e das persoas asistentes, e para a súa aprobación, se procede.

2 Marco institucional e normativo

Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á **Secretaría Xeral para o Deporte** as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no 33 do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia

A Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte, de data 9 de xullo de 2013, autorizou a constitución, por creación ex novo, da FEGADO, ratificando os seus estatutos e acordando a inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

A **Federación Galega de Orientación (FEGADO)** é a entidade privada con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, sen ánimo de lucro, que ten por obxecto, mediante a integración de clubs deportivos, seccións deportivas, deportistas-orientadores, técnicos-adestradores e xuíces controladores, a práctica do deporte de orientación, en calquera das súas especialidades fixadas pola Federación Internacional de Orientación (IOF) e pola Federación Española de Orientación (FEDO), así como promover, regulamentar e organizar a orientación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. A FEGADO exerce, ademais das súas propias atribucións, por delegación funcións públicas de carácter administrativo, actuando en tal caso como axente colaborador da Comunidade Autónoma galega baixo a súa tutela e coordinación.

A FEGADO ten a consideración de entidade de utilidade pública, nos termos establecidos na lexislación.

A FEGADO forma parte da FEDO, aplicándosele as normas e regulamentos da FEDO e da IOF cando actúen en competicións oficiais de carácter estatal ou internacional.

Normativa de aplicación

- a) **Ámbito xeral estatal.** *Ley 10/1990, de 15 de outubro, del Deporte* e outras normas que a desenvolven, en particular el *Real Decreto 1835/1991, de 20 de decembro, de Federaciones Deportivas Españolas y Registro de Asociaciones Deportivas*.
- b) **Ámbito xeral autonómico.** *Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia* e outras normas que a desenvolven en particular o *Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia*.
- c) **Ámbito específico**
 - A nivel internacional. Federación Internacional de Orientación (IOF) [\[acceso á web da IOF\]](#).
 - A nivel estatal. Federación Española de Orientación (FEDO) [\[acceso á web da FEDO\]](#).
 - A nivel autonómico. Federación Galega de Orientación (FEGADO) [\[acceso á web da FEGADO\]](#).
- d) **Estatutos e normativa deportiva** aplicable ás federacións deportivas que se aprobe, así como a propia da FEGADO (Estatutos [\[ver Estatutos da FEGADO\]](#), Regulamentos e Normas Anuais [\[ver Regulamentos e Normas Anuais FEGADO\]](#)).

3 Finalidade do Proxecto Deportivo da FEGADO 2026

- a) Realizar os programas de promoción da modalidade de orientación para a anualidade 2026.
- b) Fomentar o deporte e a actividade física saudable no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, colaborando así no desenvolvemento do sistema deportivo galego.

4 Obxectivos do Proxecto Deportivo da FEGADO 2026

a) Obxectivos exclusivos da FEGADO, entre outros:

- Representar á Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas do deporte de orientación.
- Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.
- Expedir licenzas deportivas.
- Asignar as subvencións e axudas de carácter público concedidas e controlar que os seus asociados lles dean unha correcta aplicación.

b) Obxectivos propios da FEGADO, entre outros:

- Convocatoria das seleccións deportivas da súa modalidade e a designación dos deportistas que as integren.
- Colaborar coas Administracións públicas e coa FEDO, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción do deporte de orientación.
- Colaborar coa Administración deportiva autonómica na execución dos plans e programas dos deportistas galegos de alto nivel.
- Colaborar e/ou organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio de Comunidade Autónoma de Galicia.
- Actualizar as Normas Anuais e os Regulamentos.
- Colaborar coa Administración deportiva autonómica na formación de técnicos-adestradores e xuíces-controladores, segundo a normativa que sexa aplicable.
- Fomentar a participación no deporte de orientación das persoas con algunha discapacidade.
- Fomentar a educación medioambiental entre os deportistas-orientadores e adoptar cantas medidas estean ó seu alcance co fin de salvagardar o patrimonio natural durante o desenvolvemento das súas actividades. Colaborar en materia de medio ambiente cos Organismos e Entidades Públicas ou Privadas no ámbito do seu territorio.

5 Metas do Proxecto Deportivo da FEGADO 2026

Son obxectivos exclusivos da FEGADO, entre outros:

- **Representar á Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas do deporte de orientación.**
 - o Participar no Campionato de España de Orientación a Pé (CEOP) de **Remudas Clásicas** por Comunidades Autónomas.
 - o Participar no Campionato de España de Orientación a Pé (CEOP) de **Remudas Mixtas** por Comunidades Autónomas.
 - o Participar no **Campionato de España de Orientación a Pé en Idade Escolar por Seleccións Autonómicas (CESA)**.
 - o Participar no **Campionato de España de Orientación a Pé** (CEOP) convocando á correspondente Selección Galega para puntuar no Campionato de España de Orientación a Pé por Comunidades Autónomas.
 - o Participar no **Campionato de España de Orientación en Bicicleta de Montaña** (CEMTBO) convocando á correspondente Selección Galega para puntuar no Campionato de España de Orientación a Pé por Comunidades Autónomas.
 - o Participar no **Campionato de España de Seleccións Autonómicas de Raid de Orientación e Aventura** (CESAR ABSOLUTO, XUVENIL E VETERANOS), convocando á correspondente Selección Galega..
 - o Participar no **Campionato de España de Trail-O** (CETO), convocando á correspondente Selección Galega para puntuar no Campionato de España de Orientación de Trail-O por Comunidades.

- **Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas**

- Requirir aos clubs, entidades deportivas ou persoas físicas ou xurídicas para que envíen a correspondente solicitude de probas do calendario 2026.
- Publicar un borrador de calendario na web da FEGADO.
 - **Campionatos Xunta de Galicia**
 - Campionato Xunta de Galicia de Orientación a Pé | Distancia longa.
 - Campionato Xunta de Galicia de Orientación a Pé | Distancia media.
 - Campionato Xunta de Galicia de Orientación a Pé | Distancia sprint.
 - Campionato Xunta de Galicia de Orientación a Pé | Remudas mixtas.
 - Campionato Xunta de Galicia de Ultrascor-Rogaining.
 - Campionato Xunta de Galicia de MTBO | Distancia longa.
 - Campionato Xunta de Galicia de MTBO | Distancia media.
 - Campionato Xunta de Galicia de MTBO | Distancia sprint.
 - Campionato Xunta de Galicia de Raid de Orientación.
 - Campionato Xunta de Galicia de Trail-O.
 - **Ligas Galegas**
 - Liga Galega de Orientación a Pé.
 - Liga Galega de Orientación a Pé SPRINT.
 - Liga Galega de MTBO.
 - Liga Galega de Raid de Orientación.
 - Liga Galega de TRAIL-O.
 - **Campionatos Escolares e Universitarios**
 - Cto. Provincial Escolar de Ourense, incluso zonais de ser necesarios.
 - Cto. Provincial Escolar de A Coruña, incluso zonais de ser necesarios.
 - Cto. Provincial Escolar de Pontevedra, incluso zonais de ser necesarios.
 - Cto. Provincial Escolar de Lugo, incluso zonais de ser necesarios.
 - Cto. Autonómico Escolar.
 - Cto. Autonómico Universitario.
 - **Outras actividades oficiais**
 - Cerimonias de premiación de final de tempada. Na última proba de Remudas Mixtas no caso de Orientación a Pé e nas primeiras probas da tempada 2026 de cada especialidade de MBTO, Raid de Orientación e Trail-O.

- **Expedir licenzas deportivas**

- o Redacción e firma do Convenio Anual que regula a compensación por gastos e trámites de licenzas da Federación Española de Orientación (FEDO) coa Federación Galega de Orientación (FEGADO).
- o Imprimir e distribuír os dorsais para as competicións oficiais, **priorizando a utilización do dorsal único da FEDO.**

- **Asignar as subvencións e axudas de carácter público concedidas e controlar que os seus asociados lles dean unha correcta aplicación**

- o Fiscalizar a execución estrita do orzamento durante a tempada 2026.
- o Publicar os datos de contabilidade na sección TRANSPARENCIA da web da FEGADO.

c) Obxectivos proprios da FEGADO, entre outros:

- **Convocatoria das seleccións deportivas da súa modalidade e a designación dos deportistas que as integren**

- o Publicar os criterios de SELECCIÓN GALEGAS na web da FEGADO [\[ver pestana SELECCIÓN GALEGAS\]](#) e/ou PROXECTOS DEPORTIVOS [\[ver pestana PROXECTO DEPORTIVO\]](#).
- o Publicar na sección NOTICIAS da web da FEGADO as preseleccións e seleccións definitivas.

- **Colaborar coas Administracións públicas e coa FEDO, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción do deporte de orientación.**

- o Aportar a documentación necesaria para a solicitude de “Convenio de Colaboración Entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Orientación, para a realización do Programa de Promoción e Desenvolvemento da súa Modalidade Deportiva para o ano 2026”, publicando o mesmo na web da FEGADO [\[ver pestana CONVENIOS\]](#).
- o Potenciar a utilización das RRSS, en particular os perfís de FACEBOOK e INSTAGRAM da FEGADO, ademais de colaborar coa publicación da “REVISTA DIGITAL DE ORIENTACIÓN” da FEDO.
- o Ofrecer a estrutura da páxina web da FEGADO para a promoción do deporte de orientación, incluso a eventos non oficiais, de modo que clubs, entidades deportivas ou persoas físicas ou xurídicas dispoñan dun espazo de difusión e mesmo de xestión e

inscrición en ditos eventos, en aplicación do acordo da Asemblea Xeral de 18 de decembro de 2022 e as súas prórrogas na Xunta Directiva actual.

- Facilitar aos docentes, principalmente de Educación Física, a integración e desenvolvemento da orientación nas súas programacións didácticas. **Desenrolar** materiais educativos e formativos a través da persoa colaboradora coa FEGADO en materia de CONTIDOS DIDÁCTICOS.
 - Perseverar coa Secretaría Xeral para o Deporte, a través da canle da **UFEDEGA**, para que as administracións sectoriais teñan coñecemento da modalidade deportiva da orientación, á vez que habilitar unha mesa de traballo multideporte de cara a simplificar a xestión administrativa das autorizacións sectoriais nas “modalidades que desenrolan a súa práctica deportiva no medio natural”, entre outras as emitidas polo Servizo de Montes da Consellería de Medio Rural, Servizo de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior dependente da Consellería de Presidencia.
- **Colaborar coa Administración deportiva autonómica na execución dos plans e programas dos deportistas galegos de alto nivel.**
- Promover que as persoas deportistas coñezan da existencia dun marco que regula o Deporte de Alto Nivel, Alto Rendemento e Rendemento Deportivo de Base de Galicia a través da web da FEGADO [\[ver pestana DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL\]](#).
 - Certificar dende a FEGADO e comunicar ás persoas deportistas que obteñan un resultado compatible co recoñecemento como persoa Deportista Galega de Alto Nivel, Alto Rendemento e Rendemento Deportivo de Base.
 - Habilitar un marco de axudas ás persoas deportistas que participan en competicións internacionais oficiais representando á selección española, ou que aspiran a formar parte da mesma baixo a tutela das persoas seleccionadoras da FEDO a través de probas de selección, concentracións, etc. **Consolidar** a ampliación destas axudas ás probas internacionais World Ranking Event da IOF (WRE), series europeas ou mundiais (ARWC/ARES) e mundial ARWC da especialidade de Raid de Orientación, e Campionatos Europeos (ERC) e mundiais (WRC) de U-Rogaining.
 - **Consolidar** a través da persoa colaboradora coa FEGADO en materia de Deporte de Alto Nivel a planificación da estratexia na tempada 2026 no marco dun Grupo de Alto Rendemento, de un (1) Grupo Permanente de Adestramento.

- **Colaborar e/ou organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio de Comunidade Autónoma de Galicia.**

Esta meta estará coordinada co calendario oficial de Federación Española de Orientación (FEDO), a data actual aprobado pola Comisión Delegada de 17/09/2024 [\[ver CALENDARIO FEDO 2026\]](#).

- **Colaborar coa Administración deportiva autonómica na formación de técnicos-adestradores e xuíces-controladores, segundo a normativa que sexa aplicable.**
 - o Organizar unha Asemblea Xeral Técnica específica para a actualización de Regulamentos e Normas Anuais.
 - o **Consolidar** un Regulamento de Réxime Disciplinario parar dar cumprimento ao establecido no Título VII do Réxime Disciplinario dos Estatutos da FEGADO para adaptado á Lei do Deporte vixente. **Designar**, de ser necesario, a estrutura de comité de competición ou xuíz único e do comité de competición.
 - o **Promover**, a través da persoa colaboradora coa FEGADO en materia de Xuíces e Xuízas Controladores/as, actuacións de formación dun mínimo, na medida do posible, de 10 horas de duración teórico-prácticas.
 - o **Promover**, a través da persoa colaboradora coa FEGADO en materia de Técnicos/as de Trazados, diferentes actuacións de formación para **co obxectivo de incrementar a calidade dos nosos eventos** dun mínimo, na medida do posible, de 10 horas de duración teórico-prácticas.
 - o **Promover**, a través da persoa colaboradora coa FEGADO en materia de Técnicos/as de Cartografía, diferentes actuacións de formación **co obxectivo de incrementar a calidade dos nosos eventos**, na medida do posible dun mínimo de 10 horas de duración teórico-prácticas.
- **Fomentar a participación no deporte de orientación das persoas con algunha discapacidade.**
 - o Habilitar liñas de apoio á organización de probas da especialidade de TRAIL-O, **co obxectivo de recuperar un mínimo ideal dunha Liga Galega de catro (4) probas.**
 - o Habilitar liñas de apoio á elaboración de instalacións deportivas (mapas) de TRAIL-O.

- **Difundir**, a través da persoa colaboradora coa FEGADO en materia de Circuitos Permanentes de Orientación (CPO), o fomento da práctica no colectivo de persoas con diversidade funcional, á vez que favorecer a súa inclusión social.
- Desenvolver material didáctico sobre a ORIENTACIÓN INCLUSIVA + DECÁLOGO ACCESIBLE
- **Fomentar a educación medioambiental entre os deportistas-orientadores e adoptar tantas medidas estean ó seu alcance co fin de salvagardar o patrimonio natural durante o desenvolvemento das súas actividades. Colaborar en materia de medio ambiente cos Organismos e Entidades Públicas ou Privadas no ámbito do seu territorio.**
 - **Promover**, a través da persoa colaboradora en materia de medio ambiente, actuacións de formación dun mínimo, na medida do posible, de 10 horas de duración teórico-prácticas.
 - **Explorar** a posibilidade de asinar CONVENIOS de colaboración en materia formativa coa Consellería de Medio Ambiente e/ou con diferentes grupos sectoriais ou naturalistas.
- **Incrementar a práctica da súa modalidade deportiva no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, así como promover o incremento de clubs adscritos á federación e de licencias deportivas desta.**
 - **Priorizar**, a través da vogalía de Deporte Escolar e Universitario, o fomento da práctica da modalidade deportiva no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, e dar posibilidade de continuidade ás persoas deportistas captadas a través das estruturas existentes de deporte en idade escolar e deporte universitario.
- **Promover o incremento da participación daquel xénero cuxa práctica sexa minoritaria dentro da práctica deportiva desta federación.**
 - Ofrecer liñas de apoio á participación de equipos galegos mixtos nos Campionatos de España da modalidade de orientación.
 - Dar visibilidade nas RRSS da FEGADO ás especialidades do deporte feminino e mixto.
 - Dar visibilidade nas RRSS da FEGADO ao feito de que da FEGADO está presidida por mulleres na figura de presidenta, vicepresidenta, vogalía de Orientación a Pé, vogalía de MTBO, vogalía de Deporte Escolar e Universitario e vogalía de Comunicación.
 - Aplicar o principio de discriminación positiva na designación de persoas colaboradoras, persoas relacionadas coa formación e coa tecnificación.

- Aplicar o principio de discriminación positiva na configuración de equipos de remudas mixtas das Seleccións Galegas.
- **Incrementar o nivel deportivo dos deportistas galegos e os seus resultados de participación en competicións nacionais e internacionais, mediante a posta en marcha de plans de tecnificación necesarios para tal fin e adaptados ás necesidades dos nosos deportistas.**
 - Implementar un Plan de Tecnificación Deportiva FEGADO 2026 de carácter transversal a tódalas especialidades da modalidade de orientación, que active as concentracións, tecnificacións específicas, tecnificacións xenéricas programadas e tecnificacións xenéricas non programadas.
- **Velar polo cumprimento por parte das entidades deportivas afiliadas á federación, das obrigas establecidas con motivo da lexislación relativa á protección xurídica do menor e ao sistema de protección da infancia e adolescencia.**
 - Elaborar un Protocolo para a prevención, detección e actuación fronte ao acoso e abuso sexual, tomando como referencia o documento de partida o PROTOCOLO vixente da Federación Española de Orientación (FEGADO) na súa actualización do ano 2020 [\[ver PROTOCOLO 2020\]](#). Traballar coordinadamente coa Delegada de Prevención FEDO: Montserrat Rodríguez Guixa. Analizar as actas que elabora o correspondente Comité Asesor da FEDO (memoria e estatísticas da tempada).
- **Fomentar a posta en práctica de medidas encamiñadas á prevención de accidentes deportivos con especial atención á poboación en idade escolar**
 - **Deseñar**, a través da persoa colaboradora en materia de RISCOS LABORAIS, un novo modelo de Avaliación de Riscos dos Eventos FEGADO e adoptar medidas para informar aos organizadores. Tomarase como referencia a documentación dispoñible da actividade formativa da FEDO do 6 de novembro de 2023 “*Responsabilidades legales en el deporte de orientación*”.

6 Beneficiarios

Clubs FEGADO con licencia FEDO para a tempada 2026 (24 clubs a data actual)

Persoas deportistas federadas (590 licencias a data actual)

Persoas deportistas non federadas (con licencia de día)

Centros escolares adscritos ao programa Xogade

Categorías de iniciación longa e curta (non debera ser o obxectivo da FEGADO a medio-longo prazo)

7 Localización física e cobertura espacial

A estrutura territorial do proxecto deportivo é autonómica, aínda que poderá adoptar calquera das modalidades legalmente permitidas.

Mapas. O Proxecto deportivo da FEGADO 2026 se desenrolará necesariamente nas instalacións deportivas existentes ou ben nas de nova creación. No caso da modalidade de orientación, estas instalacións deportivas son mapas específicos elaborados ou actualizados por persoas expertas con formación en materia de cartografía.

A FEGADO dispón dun espazo na súa web [\[ver MAPAS DE GALICIA no REXISTRO CARTOGRÁFICO FEDO\]](#) no que rexistra a cartografía de orientación existente.

8 Especificación operacional das actividades e tarefas a realizar

Neste apartado especificamos as actividades e tarefas esenciais para alcanzar os obxectivos e metas expostos con anterioridade, que resumimos en:

- **Actividade de deseño do calendario de competición.** Tarefas a realizar por Dirección Técnica e vogalías:
 - o Analizar o calendario definitivo da Federación Española de Orientación (FEDO).
 - o Analizar as propostas recibidas de clubs, entidades deportivas ou persoas físicas ou xurídicas.
 - o Evitar, na medida do posible, coincidencia de eventos de especialidades afines nos calendarios estatal e nacional.
 - o Evitar, na medida do posible, a acumulación de probas en determinados meses, á vez que ofrecer unha continuidade ao longo do ano de actividades para as persoas federadas.
 - o Emprazar estratexicamente as probas autonómicas, de xeito que sirvan como preparación para as principais probas estatais: CEOP, CER, CESAR, CETO, CESA e CEMTBO.
 - o Aprobar o calendario oficial en Asemblea Xeral.
 - o Designar ás persoas coa función de Xuíz/Xuíza Controlador/a para cada proba oficial
 - o Expedir as correspondentes certificacións federativa de adxudicación de organización de probas oficiais.
 - o Establecer un mínimo nº de probas 2026: [ver indicadores de avaliación](#).
- **Actividade de deseño do calendario de tecnificación.** Tarefas a realizar por Dirección Técnica e vogalías:
 - o Analizar o calendario definitivo da Federación Española de Orientación (FEDO). Encaixar as actividades co Proxecto Nacional de Tecnificación Deportiva 2026 da FEDO [\[ver PNTD\]](#), con especial atención aos rapaces e rapazas da FEGADO na listaxe de deportistas de interese e grupo de seguimento.
 - o Analizar o calendario definitivo da Federación Galega de Orientación (FEGADO).
 - o Confirmar as persoas adestradoras para o Programa de Tecnificación Deportiva 2026.
 - **Deseñar** actividades para o Grupo de Adestramento Estable de Alto Rendemento Deportivo.

- **Apoiar** ás estrutura existentes de Escolas de Orientación de Club e mesmo fomentar a creación de novas escolas.
 - Emprazar estratexicamente as tecnificacións, de xeito que sirvan como preparación para as principais probas estatais: CEOP, CERA/CESAR, CETO, CESA e CEMTBO.
 - Publicación da apertura de inscricións ao Programa de Tecnificación Deportiva 2025.
 - Selección dos participantes (categorías previas á absoluta e anteriores á previa á absoluta).
 - Asignar as persoas deportistas aos Grupos de Nivel
 - Establecer un mínimo nº de tecnificacións 2026: [ver indicadores de avaliación](#).
 - Concentracións
 - Tecnificacións específicas
 - Tecnificación xenéricas programadas
 - Tecnificación xenéricas non programadas
 - Participar nas reunións do grupo de traballo da FEDO (un representante por Comunidade Autónoma) para consensuar un **Proyecto Estatal de Tecnificación deportiva 2024-2026** adaptado á realidade da nosa comunidade autónoma.
- **Actividade de configuración das Seleccións Galegas.** Tarefas a realizar por Dirección Técnica e vogalías:
- Análise de resultados da tempada 2025 e 2026.
 - Establecer os criterios de selección en documento conxunto para as especialidades.
 - Publicar as preseleccións en tempo e forma.
 - Publicar as seleccións en tempo e forma.
- **Actividade de deseño do calendario de formación.** Tarefas a realizar por Dirección Técnica e vogalías:
- Análise de necesidades formativas.
 - Elaboración dun censo de titulacións habilitantes de ámbito estatal.
 - Identificar persoas dispoñibles para impartir a docencia.
 - Publicar a apertura de prazos de inscrición.
 - Establecer un mínimo nº de probas: [ver indicadores de avaliación](#).

9 Métodos e técnicas a utilizar

Traballo grupal en Xunta Directiva (reunión mensual).

Traballo grupal en Mesas de Traballo sectoriais: cartógrafos, xuíces, técnicos, etc. (reunión anual)

Discusión en Asemblea Xeral Técnica (reunión anual para a revisión de Regulamentos e Normas).

Exposicións individuais (cursos, charlas, etc.)

10 Determinación dos prazos ou calendario de actividades

EN ELABORACIÓN (peche da tempada a 31 de decembro de 2025)

Tanto o Proxecto Deportivo FEGADO 2026, como o CALENDARIO DE ACTIVIDADES OFICIAIS 2026 serán expostos na Asemblea Xeral convocada para o sábado 16 de decembro de 2025 para o coñecemento das persoas asembleístas e das persoas asistentes, e para a súa aprobación, se procede.

Calendario FEDO 2026 (actualizado v06/2025)

[\[ver CALENDARIO FEDO 2026\]](#)

11 Determinación dos recursos necesarios

Medios humanos

A FEGADO non dispón de persoal laboral federativo para o desenvolvemento do seu Proxecto Deportivo. É por isto que:

- a) Non se contemplan custos laborais asignados a gastos xerais de funcionamento (persoal administrativo, de limpeza, mantemento, conserxería ou similar).
- b) Non se contemplan custos laborais asignados a persoal técnico ou adestrador.

Medios materiais e técnicos

Instalación deportivas: as instalacións deportivas da orientación son os **mapas** especificados nos apartados anteriores

Materiais FEGADO declarados no ANEXO II da documentación aportada regularmente aos expedientes de Convenio Xunta-FEGADO. Esencialmente: balizas (conxunto estaca, telas e pinzas clásicas), estacións dixitais SPORTident, pinzas electrónicas SIAC ou similares. Colaboración dos diferentes clubs da FEGADO con materiais e recursos propios.

Medios financeiros. Non aplica

12 Cálculo dos custes de execución e orzamento

EN ELABORACIÓN (peche da tempada a 31 de decembro de 2025)

Tanto o Proxecto Deportivo da FEGADO 2026, como os ORZAMENTOS 2026 serán expostos na Asemblea Xeral convocada para o sábado 13 de decembro de 2025 para o coñecemento das persoas asembleístas e das persoas asistentes, e para a súa aprobación, se procede.

Os datos orzamentarios e de contabilidade son públicos e están expostos na sección TRANSPARENCIA da web da FEGADO [\[ver CONTABILIDADE\]](#).

13 Estrutura organizativa e de xestión

Organigrama actualizado que identifique aos responsables dos distintos órganos federativos, así como o perfil e traxectoria profesional (currículo profesional) dos integrantes dos mesmos [\[ver ORGANIGRAMA da estrutura organizativa e de xestión da FEGADO\]](#).

Xestión e coordinación

Presidenta | Sonia Gómez Naya | info@fegado.es

Vicepresidenta | Claudia Oreiro | vicepresidencia@fegado.es

Secretario | Roberto Amarelle | secretaria@fegado.es

Tesoureiro | Javier Antoñón | tesoreria@fegado.es

Área Técnica

Director Técnico | Jorge Piñeiro | direcciontecnica@fegado.es

Vogalía de O-Pé | Teresa Bellón | oripe@fegado.es

Vogalía de MTBO | Alicia Pérez | mtbo@fegado.es

Vogalía de TRAIL-O | Pelayo García Acevedo | trailo@fegado.es

Vogalía de RAID | Adrián Pérez Alonso | raid@fegado.es

Vogalía de Deporte Escolar e Universitario | asumido pola presidencia a data actual | escolaruniversitario@fegado.es

Área de Divulgación

Vogalía de RRSS | María Piñeiro | comunicacion@fegado.es

Tecnificación

“Núcleo ou base estable” del PTD. O “núcleo ou base estable” de técnicos/as que fan posible o PTD é multidisciplinar e desenrola o seu labor dende o ano 2015. Ten consolidado a súa formación en dous cursos auspiciados pola FEGADO en Galicia: *I Curso de Formación de Entrenadores de Categorías Inferiores de Orientación* (28 e 29 de novembro de 2015) e *II Curso de Formación de Entrenadores* (26 e 27 de novembro de 2016), ambos impartidos polo anterior seleccionador nacional de Orientación a Pé, Alberto Mínguez.

Reforzo do núcleo o base estable. O núcleo o base estable se reforza cada ano coa aportación de técnicos/as con menor experiencia, buscando a continuidade de rapaces/as procedentes dos propios PTD, especialmente en categorías previas á absoluta e aplicando, na medida do posible, principios de discriminación positiva de xénero, etc.

14 Indicadores de avaliación

- **Calendario de competición.** Mínimo nº de probas 2026.

Campionatos Xunta de Galicia (mínimo de 9 CG que coincidirán con probas de LG)

- o 1 Campionato Xunta de Galicia de Orientación a Pé | Distancia longa.
- o 1 Campionato Xunta de Galicia de Orientación a Pé | Distancia media.
- o 1 Campionato Xunta de Galicia de Orientación a Pé | Distancia sprint.
- o 1 Campionato Xunta de Galicia de Orientación a Pé | Remudas mixtas.

- o 1 Campionato Xunta de Galicia de Orientación a Pé | Ultrascorero-gaining.

- o 1 Campionato Xunta de Galicia de MTBO | Distancia longa.
- o 1 Campionato Xunta de Galicia de MTBO | Distancia media.
- o 1 Campionato Xunta de Galicia de MTBO | Distancia sprint.

- o 1 Campionato Xunta de Galicia de Raid de Orientación

- o 1 Campionato Xunta de Galicia de Trail-O

Ligas Galegas (mínimo de 18 probas de LG)

- o 8 probas (mínimo) de Liga Galega de Orientación a Pé.
- o 2 probas (mínimo) Liga Galega de Orientación a Pé SPRINT.

- o 2 probas (mínimo) Liga Galega de Orientación de MTBO.

- o 4 probas, sendo o ideal unha por provincia (mínimo) Liga Galega de TRAIL-O.

- o 2 probas (mínimo) Liga Galega de Raid de Orientación

Campionatos Escolares e Universitarios (mínimo de 5 campionatos)

- o 1 Cto. Provincial Escolar de Ourense, incluso zonais de ser necesarios.
- o 1 Cto. Provincial Escolar de A Coruña, incluso zonais de ser necesarios.
- o 1 Cto. Provincial Escolar de Pontevedra, incluso zonais de ser necesarios.
- o 1 Cto. Provincial Escolar de Lugo, incluso zonais de ser necesarios.

- o 1 Cto. Autonómico Universitario.

Proxectos de Especial relevancia (mínimo de 4 que poderían coincidir con LG)

3 Proxectos de Especial Relevancia de ámbito transfronteirizo.

1 Proxecto de Especial Relevancia de ámbito estatal (CEUR Campionato de España de ULTRASCORE-ROGAINING). 11 e 12 de abril de 2026.

1 Proxecto de Especial Relevancia de ámbito estatal (LER Liga Española de Raids de Orientación e Aventura). 10 a 12 de outubro de 2026.

- **Calendario de tecnificación.** Mínimo nº de tecnificacións 2026.
 - o **Plan de Tecnificación Deportiva 2026 (mínimo de 18 actividades)**
 - 2 Concentracións.
 - 1 Campus de verán.
 - 1 Tecnificacións específicas.
 - 2 Tecnificacións xenéricas programadas.
 - 12 Tecnificacións xenéricas non programadas.
- **Calendario de formación adestradores/xuíces/oficiais de orientación.** Mínimo nº de formacións 2026.
 - o Bloque nº 1 (carga lectiva mín. 6 horas)
 - 1 Actividade formativa para Directores de Probas.
 - 1 Actividades formativas en materia de Xuíces/Xuízas Controladores.
 - 1 Actividades formativas en materia de Xuíces/Xuízas de Cronometraxe.
 - o Bloque nº 2 (carga lectiva mín. 6 horas)
 - 1 Actividade formativa en materia de Cartografía.
 - 1 Actividade formativa en materia de Trazados.
 - o Bloque nº 3 (carga lectiva oficial regulada)
 - 1 **Curso de Adestradores NIVEL 1** (en formato mixto online e presencial).

15 Factores externos condicionantes

A continuación relacionamos unha serie de factores externos ou pre-requisitos para a consecución dos efectos e impacto do proxecto que poderían condicionar a viabilidade do proxecto.

Se trata dunha serie de factores realistas e ben fundamentados, precisos e completos:

- a) **Viabilidade.** A experiencia de FEGADO na elaboración e actualización de protocolos, xunto á natureza dunha modalidade deportiva e especialidades que son ao aire libre e sen contacto parece garantir que o Proxecto Deportivo será viable para a tempada 2026.
- b) **Participación.** Establecemos un limiar mínimo de 500 licencias para garantir a execución do Proxecto Deportivo de modo que a tempada 2026 sexa viable dende o punto de vista de participación. Parece, dada a situación sanitaria e económica actual, e a traxectoria de FEGADO que é un valor que debería ser sinxelo de alcanzar.

- c) **Nº de organizadores.** Podería ser un punto crítico. A actualización do Regulamento no 2021, de modo que as persoas xurídicas tamén poden organizar eventos non tivo os resultados esperados dado que a rendibilidade económica da organización dun evento é mínima ou mesmo deficitaria nalgúns especialidades e localizacións xeográficas da Galicia interior.

Establecemos a necesidade **mínima dun número de oito (8) clubs, entidades deportivas ou persoas físicas ou xurídicas involucrados na organización de probas** para garantir os obxectivos e metas do proxecto.

- d) **Medios materiais.** Os medios materiais de FEGADO, ademais dos que poden aportar os clubs, garanten a execución do Proxecto Deportivo 2026.
- e) **Permisos.** Os permisos administrativos sectoriais para a organización de probas son o factor que máis está afectando á organización de eventos.
- f) **Actualizacións do Programa Nacional de Tecnificación Deportiva FEDO 2026.** Adaptar o PTD 2026 da FEGADO e analizar posibilidades de financiación (a través de patrocinadores e/ou recursos propios) do **PTD 2026-2027** en sede asemblearia: obxectivos competicións mundiais e europeas das especialidades en 2026 e 2027.